

NEGOCIACIÓN CONVOCATORIAS DE PAS FUNCIONARIO

ACTA N° 1

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Redacción de acta:
María Isabel Fernández Uría

XUNTA DE PERSONAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Xoan M. Cebro Rodríguez (Presidente - CIG)
María José Ríos Santomé (Secretaria - CIG)
Henrique Macías Cambra (CIG)
José Antonio Gándara Pérez (CIG)
Mónica Zas Varela (CIG)
Fernando Troncoso Merino (CIG)
Francisco Navaza Dafonte (UGT)
Alejandro Cadabón Figueira (UGT)

Os membros da Universidade de Vigo relacionados, previa a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 12:30 horas do día 22 de marzo de 2018, no edificio da Xerencia coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Negociación das convocatorias:

- promoción interna aos subgrupos C1 e A2
- acceso libre á Escala de Letrados

O Xerente explica que o equipo de goberno quere cumplir co seu compromiso de deixar convocadas no DOG as convocatorias de promoción interna aos subgrupos C1 e A2, así como a de acceso libre da Escala de Letrado. Nesta reunión espera aclarar as cuestión que a Xunta do PAS formule, para continuar a negociación na primeira semana de abril, co ánimo de negociar sen interrupcións e chegar a un acordo. Solicita que nesa reunión propoñan membros para os tres tribunais. Comenta que se recibiron pedimentos de varios funcionarios solicitando que se convoque a promoción interna de forma inmediata.

O Presidente da Xunta de PAS indica que ao recibir a convocatoria o pasado xoves non houbo tempo de tratar polo miúdo toda a documentación, pero habería que facer unha diferenciación nas promocións e darlle distinto tratamento xa que o nivel de responsabilidade de cada grupo é distinta. A praza de letrado é máis específica e ten moita responsabilidade. A filosofía da Xunta PAS desde 1999, asumida polo equipo de goberno, é que na promoción interna do grupo C2 a C1 se recoñeza que o traballo e responsabilidade do persoal C2 é a mesma que do grupo C1, porque en realidade son funcionarios que traballan nos mesmos postos fan o mesmo traballo. Así que a proposta de



Universidade de Vigo

promoción de C2 a C1 é a que presenta a Xunta PAS nesta primeira reunión, deixando para as vindeiras reunións as outras propostas.

O Xerente manifesta que o compromiso e publicar á vez as 3 convocatorias. Por outra parte, o modelo que se segue en todas é similar ao que a Xunta de Galicia e o Estado. Na súa elaboración participaron moitos servizos e fixeron un traballo moi rigoroso e complexo.

O Presidente da Xunta de PAS di que hai outras administracións que o fan de distinto xeito. Entrega a proposta da Xunta PAS de promoción interna C2 a C1, un exame tipo test de 75 con catro respuestas alternativas, cunha soa válida, sen que desconten as negativas. Na seguinte reunión farán propostas para as outras. Sería un recoñecemento ao persoal do grupo C2, porque promocionan nos seus mesmos postos. Esta é a proposta que presentou a CIG na Xunta PAS e que hoxe mesmo se aprobou.

O temario referiríase a parte do Estatuto Básico do Empregado Público, aos Estatutos da Uvigo, a Lei 39/15.... Este persoal leva máis de 9 anos como C2, logo de aprobar unha oposición que foi moi dura e na que non hai concorrencia xa que se convocan tantas prazas como aspirantes. A universidade debe reforzar a formación do persoal como por exemplo na Lei 39/2015 e normativas de xestión académica, os novos servizos de investigación.

O Xerente salienta que o que propón a Xunta de PAS se afasta do negociado nas anteriores convocatorias de promoción interna dos anos 2006 e 2008, as que da lectura no correspondente ao número e tipo de exercicios (dous).

O Presidente da Xunta de PAS di que na última promoción a xerencia na proposta inicial quería dous exames eliminatorios e conseguiuse que non fora así, e logrouse que o segundo non fuera eliminatorio e, a partir de aí, se fixeron as promocións. Realmente só houbo un exame e agora se quere o mesmo.

O Xerente di que o temario actual é similar ao das convocatorias anteriores, actualizándoo.

O Presidente da Xunta PAS incide en que non queren concurso posto que o C2 promociona ao seu posto de traballo. A proposta da Xunta PAS baséase na lóxica e engade que a proposta é calcada de propostas de funcionarización do PAS laboral a C1 e incluso a A2.

Henrique Macías pide que se valore o documento da Xunta de PAS; que se debe diferenciar a filosofía entre a promoción a C1 e a A2 e a praza de letrado. A primeira é para persoal que xa hai anos que están neses postos de traballo e que fan tarefas que non se corresponden coas do seu grupo de adscrición. Di que a Xerencia debe ver que é de xustiza que compaíñeiro que fan o mesmo traballo que outros poidan promocionar e cobrar o mesmo uns que outros. Non empeñarse no mérito e capacidade. Hai que esforzarse por aproximar posturas, se a da Xerencia é de máximos a da Xunta de PAS é de mínimos.

O Xerente está de acordo en diferenciar as promocións, pero incide en que en anteriores convocatorias se acordou algo moi distinto á proposta de mínimos que presenta esta vez a Xunta de PAS. Considera que ten que haber unha coherencia co feito anteriormente.

O Presidente da Xunta de PAS insiste na petición de realizar un único exame e en que non é o mesmo ter que estudar un número de temas que outro; mesmo lle gustaría que non houbera exame para o C1

Alejandro Cadabón pide que non resten as respuestas erróneas, como en anteriores convocatorias.

O Xerente sinala que a institución debe ser seria e as convocatorias tamén. Que estudará o que se propón requirindo que a Xunta e PAS faga o mesmo. Insta a que á volta de semana santa, acheguen



UniversidadeVigo

as propostas para as convocatorias de A2 e Letrados, así como de membros para os 3 tribunais. A xerencia analizará a proposta da Xunta de PAS de C1. Os compañoiro afectados instaron que se convoque o antes posible e a Xerencia procurar que o proceso negociador sexa áxil, reiterando o obxectivo do equipo de goberno de remitir as convocatorias ao DOG no mes de abril..

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 13:45 horas.



